



# TORNEO APERTURA SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN

## Normas específicas de Competición

### Temporada 2023-2024

#### 1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición os seis últimos equipos clasificados na Primeira División da categoría na temporada 2022-2023, todos os participantes na Segunda División da categoría na temporada 2022-2023, os seis primeiros clasificados na Terceira División da categoría na temporada 2022-2023 e dous equipos de nova creación por orde de inscrición, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición.

Se houberse prazas libres producidas por renunciadas ou, no caso dos equipos sénior, por ascensos a Primeira División Nacional, estas serían ocupadas co resto de equipos clasificados na Terceira División da categoría na temporada 2022-2023, en función da súa clasificación e, finalmente, cos de nova creación por orde de inscrición.

Na categoría sénior, no caso de descensos de Primeira Nacional reorganizarase o orde clasificatorio perdendo o dereito a participar neste torneo un equipo de Terceira División e un equipo de nova creación alternándose ata deixar as vacantes suficientes para dar cabida aos equipos descendidos de Primeira División.

#### 2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN E CLASIFICACIÓN

Competición de 24 equipos que constará de tres fases autonómicas.

Na primeira fase os 24 equipos colocaranse en 8 grupos de 3 equipos atendendo á clasificación na temporada, ou por orde de inscrición no caso de non ter participado na temporada anterior. Estruturarase en formato de liga a unha volta por concentración, a xogar na casa do equipo mellor clasificado na temporada anterior, nos seguintes horarios: 10:00, 11:30 e 13:00.

Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
1º	2º	3º	4º
8º	7º	6º	5º
12º	11º	10º	9º

Grupo E	Grupo F	Grupo G	Grupo H
13º	14º	15º	16º
20º	19º	18º	17º
24º	23º	22º	21º

Os primeiros clasificados dos catro primeiros grupos obterán praza na Primeira División da categoría, os outros 8 equipos dos catro primeiros grupos pasaran á seguinte fase. Os primeiros clasificados dos catro últimos grupos pasarán á seguinte fase, os outros 8 equipos dos catro últimos grupos obterán praza na Terceira División da categoría.

Na segunda fase, os 12 equipos clasificados volverán a colocarse en 4 grupos de 3 equipos atendendo á clasificación na fase anterior. Estruturarase en formato de liga a unha volta por concentración, a xogar na casa do equipo mellor clasificado na temporada anterior, en tres quendas seguidas.



Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
2º Grupo A	2º Grupo B	2º Grupo C	2º Grupo D
3º Grupo D	3º Grupo C	3º Grupo B	3º Grupo A
1º Grupo H	1º Grupo G	1º Grupo F	1º Grupo E

Os primeiros clasificados de cada grupo pasarán á seguinte fase, os outros 8 equipos obterán praza na Segunda División da categoría.

Na terceira fase, os 4 equipos clasificados enfrontaranse nunha eliminatoria a ida e volta no mesmo fin de semana, a xogar o encontro de volta na casa do equipo mellor clasificado na temporada anterior. Os dous equipos gañadores obterán praza na Primeira División da categoría, e os dous equipos perdedores obterán praza na Segunda División da categoría.

Eliminatoria 1: 1º Grupo 1 – 1º Grupo 4

Eliminatoria 2: 1º Grupo 2 – 1º Grupo 3

No caso de que dous equipos do mesmo club acaden praza en Primeira ou en Segunda Divisións, o equipo peor clasificado dos dous na temporada 22-23 intercambiará a súa posición no cadro co equipo mellor clasificado na temporada 22-23 dos perdedores de esa eliminatoria.



# **COPA FEDERACIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN**

## **Normas específicas de Competición**

### **Temporada 2023-2024**

#### **1.- PARTICIPANTES**

Poderán participar na competición os catro primeiros equipos clasificados na Primeira División da categoría na temporada 2022-2023, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición.

No caso dos equipos sénior, se houberse prazas libres producidas por ascensos a Primeira División Nacional, estas serían ocupadas co resto de equipos clasificados na Primeira División da categoría na temporada 2022-2023, en función da súa clasificación. Na categoría sénior, no caso de descensos de Primeira Nacional, reorganizárase o orde clasificatorio perdendo o dereito a participar neste torneo tantos equipos como sexan necesarios para dar cabida aos equipos descendidos.

#### **2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN**

Competición de 4 equipos que constará de dúas fases autonómicas. A primeira fase disputarase en formato de eliminatoria de ida e volta, a xogar o partido de volta na casa do equipo mellor clasificado na temporada anterior; na segunda fase os dous equipos gañadores participaran en formato final a xogar na casa do equipo mellor clasificado na temporada anterior.

#### **3.- CLASIFICACIÓN**

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na segunda fase.

Emparellamentos da primeira fase:

Eliminatoria 1: 1º Primeira División - 4º Primeira División  
Eliminatoria 2: 2º Primeira División - 3º Primeira División

Emparellamentos da segunda fase:

Final: Gañador Eliminatoria 1 - Gañador Eliminatoria 2

O gañador do Final acadará o título de Campión da Copa Federación da categoría.



# PRIMEIRA DIVISIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN

## Normas específicas de Competición

### Temporada 2023-2024

#### 1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición os equipos que participaran na Copa Federación da categoría, ou que acadaran praza no Torneo Apertura da categoría, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición.

Se houberse prazas libres estas serán ocupadas co resto de equipos participantes no Torneo Apertura da categoría en función da súa clasificación e, finalmente, cos de nova creación.

#### 2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Competición de 10 equipos que constará de dúas fases autonómicas e unha Fase Final Nacional. A primeira fase estruturarase en formato de liga a dobre volta (na categoría Alevín estruturarase en formato de liga a catro voltas, sendo obrigatorio xogar no mesmo día os dous partidos de cada volta contra o mesmo equipo); na segunda fase enfrontaranse os catro equipos mellor clasificados da liga regular co formato de semifinal e final a xogar a partido único no mesmo día nunha sede fixada pola FGVb, no Campionato Galego da categoría.

#### 3.- CLASIFICACIÓN

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na primeira e segunda fases.

Emparellamentos da segunda fase:

Semifinal 1:	1º Clasificado da liga regular - 4º Clasificado da liga regular
Semifinal 2:	2º Clasificado da liga regular - 3º Clasificado da liga regular
3º e 4º posto:	Perdedor Semifinal 1 - Perdedor Semifinal 2
Final:	Gañador Semifinal 1 - Gañador Semifinal 2

O gañador da Final acadará o título de Campión Galego da categoría.

Os catro primeiros equipos clasificados terán dereito a participar na Copa Federación, e terán praza na Primeira División da categoría na temporada 24-25.



**SEGUNDA DIVISIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL /  
CADETE / INFANTIL / ALEVÍN  
Normas específicas de Competición  
Temporada 2023-2024**

### **1.- PARTICIPANTES**

Poderán participar na competición os equipos que acadaran praza no Torneo Apertura da categoría, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición.

Se houberse prazas libres estas serían ocupadas cos resto de equipos participantes no Torneo Apertura da categoría en función da súa clasificación e, finalmente, cos de nova creación.

### **2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN**

Competición de 10 equipos que constará de unha única fase autonómica. A fase única estruturarase en formato de liga a dobre volta (na categoría Alevín estruturarase en formato de liga a catro voltas, sendo obrigatorio xogar no mesmo día os dous partidos de cada volta contra o mesmo equipo).

### **3.- CLASIFICACIÓN**

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na fase única.



**TERCEIRA DIVISIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL /  
CADETE / INFANTIL / ALEVÍN**  
**Normas específicas de Competición**  
**Temporada 2023-2024**

### **1.- PARTICIPANTES**

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

### **2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN**

Esta competición non terá límite de equipos e constará de dúas fases autonómicas. A primeira fase estruturarase en formato de liga a dobre volta (na categoría Alevín estruturarase en formato de liga a catro voltas, sendo obrigatorio xogar no mesmo día os dous partidos de cada volta contra o mesmo equipo), na que os equipos conformarán grupos de 10 equipos como máximo agrupados baixo un criterio de proximidade xeográfica, o número mínimo de equipos necesario para conformar un grupo propio será de 3; a segunda fase reagrupará os equipos segundo os resultados obtidos na primeira fase xunto a equipos de nova inscrición, e co formato de eliminatoria de ida e volta.

### **3.- CLASIFICACIÓN**

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na segunda fase.



# **CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN**

## **Normas específicas de Competición**

### **Temporada 2023-2024**

#### **1.- PARTICIPANTES**

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

As licenzas tramitaranse por cada club, sen límite de xogadores nun mesmo cuádruplo. Sendo preciso inscribir os equipos en cada unha das probas a celebrar.

As inscricións a cada unha das probas realizaranse antes das 15:00 horas do mércores anterior a cada unha destas, podendo escoller cada club, o número de equipos participantes e a composición dos mesmos en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de catro e un máximo de sete xogadores por equipo.

As inscricións para a segunda fase ou Fase Final, realizaranse antes das 15:00 horas do mércores anterior a celebración, presentando o G-2 podendo escoller cada club a composición do equipo en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de 3 e un máximo de 10 xogadores por equipo e dous adestradores. En cada partido só se poden aliñar un máximo de 8 xogadores (dos inscritos no G-2) que cumpran os requisitos regulamentarios para ser aliñados.

#### **2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN**

Esta competición non terá límite de equipos e constará de dúas fases. A primeira fase estruturarase en probas abertas a calquera club galego. Farase un mínimo de catro probas en formato de concentración, o número mínimo de equipos necesario para levar a cabo unha proba será de 3.

O sistema de competición de cada proba dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros. Na segunda fase os oito mellores equipos de entre todos os grupos participaran en formato concentración no Campionato Galego da categoría.

#### **3.- CLASIFICACIÓN**

A hora de establecer os equipos que se clasifican para xogar a fase final así como os emparellamentos entre eles establecerase unha clasificación xeral de todos os grupos atendendo aos seguintes criterios:

- En cada proba ou torneo establecerase unha clasificación e outorgaranse puntos en función desta para cada equipo. Os puntos outorgaranse ao club ao que pertenza o equipo. Estes puntos iranse sumando nunha lista ou ranking que definirá á conclusión de todas as probas, a clasificación definitiva nesta fase.
- Cada proba na primeira fase terá un valor igual a 10 (dez) puntos, multiplicados polo número total de equipos participantes nela. Este valor repartirase entre os dez primeiros equipos clasificados da seguinte forma:
  - o 1º equipo clasificado 100% do Valor da proba.
  - o 2º equipo clasificado 50% do valor da proba
  - o 3º equipo clasificado 25% do valor da proba
  - o 4º equipo clasificado 20% do valor da proba
  - o 5º equipo clasificado 15% do valor da proba



- 6º equipo clasificado 10% do valor da proba
  - 7º equipo clasificado 5% do valor da proba
  - 8º equipo clasificado 4% do valor da proba
  - 9º equipo clasificado 3% do valor da proba
  - 10º equipo clasificado 2% do valor da proba
- 
- Os oito clubs con maior puntuación na clasificación final do ranking, serán os que obteñan unha praza para participar na segunda fase ou Fase Final do Campionato Galego Benxamín.
  - A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na segunda fase. En caso de empate a puntos aplicaranse os baremos de partidos gañados, coeficiente de sets, coeficiente de puntos e resultados dos enfrontamentos directos entre os equipos empatados.

## 4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

**4.1.-** Esta competición disputarase en categoría masculina e feminina.

**4.2.-** Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.

**4.3.-** Admitirase, sen limitación de número, a aliñación de xogadores con licenza prebenxamín nun equipo benxamín.

**4.4.-** Admitirase, sen limitación de número, a aliñación de xogadores benxamíns doutros equipos do mesmo club na fase final.

**4.5.-** O balón oficial será o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1. Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso de un balón de similares características técnicas que ten que ser autorizado pola FGVb.



# CAMPIONATO GALEGO PREBENXAMÍN

## Normas específicas de Competición

### Temporada 2023-2024

#### 1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

As licenzas tramitaranse por cada club, sen límite de xogadores nun mesmo cuádruplo. Sendo preciso inscribir os equipos en cada unha das probas a celebrar.

As inscricións a cada unha das probas realizaranse antes das 15:00 horas do mércores anterior a cada unha destas, podendo escoller cada club, o número de equipos participantes e a composición dos mesmos en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de catro e un máximo de sete xogadores por equipo.

#### 2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Esta competición non terá límite de equipos e constará de unha fase, que se estruturará en probas abertas a calquera club galego. Farase un mínimo de catro probas en formato de concentración, o número mínimo de equipos necesario para levar a cabo unha proba será de tres.

O sistema de competición de cada proba dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros.

#### 3.- CLASIFICACIÓN

Establecerase unha clasificación xeral de todos os grupos atendendo aos seguintes criterios:

- En cada proba ou torneo establecerase unha clasificación e outorgaranse puntos en función desta para cada equipo. Os puntos outorgaranse ao club ao que pertenza o equipo. Estes puntos iranse sumando nunha lista ou ranking que definirá á conclusión de todas as probas, a clasificación definitiva, sendo o equipo que ocupe a primeira posición da clasificación o campión galego da categoría..
- Cada proba terá un valor igual a 10 (dez) puntos, multiplicados polo número total de equipos participantes nela. Este valor repartirase entre os dez primeiros equipos clasificados da seguinte forma:
  - o 1º equipo clasificado 100% do Valor da proba.
  - o 2º equipo clasificado 50% do valor da proba
  - o 3º equipo clasificado 25% do valor da proba
  - o 4º equipo clasificado 20% do valor da proba
  - o 5º equipo clasificado 15% do valor da proba
  - o 6º equipo clasificado 10% do valor da proba
  - o 7º equipo clasificado 5% do valor da proba
  - o 8º equipo clasificado 4% do valor da proba
  - o 9º equipo clasificado 3% do valor da proba
  - o 10º equipo clasificado 2% do valor da proba
- En caso de empate a puntos aplicaranse os baremos de partidos gañados, coeficiente de sets, coeficiente de puntos e resultados dos enfrontamentos directos entre os equipos empatados.



## 4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

**4.1.-** Esta competición disputarase en categoría masculina e feminina.

**4.2.-** Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.

**4.3.-** O balón oficial será o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1. Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso de un balón de similares características técnicas que ten que ser autorizado pola FGVb.

# **CAMPIONATO GALEGO MÁSTER**

## **Normas específicas de Competición**

### **Temporada 2023-2024**

#### **1.- PARTICIPANTES**

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

#### **2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN**

Esta competición non terá límite de equipos e constará dunha única fase, que se xogará por concentración en un día. O sistema de competición dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros.

#### **3.- INSCRICIÓN E LICENZAS**

**3.1.-** Para que un equipo poida ser inscrito o club ao que pertenza deberá estar afiliado a FGVb e presentar na FGVb o modelo NG1.

**3.2.-** Haberá tres categorías: masculino, feminino e mixto.

**3.3.-** Os equipos poderán inscribir un mínimo de 8 e un máximo de 14 xogadores por equipo.

**3.4.-** Os participantes deben ser todos maiores de 35 anos, e non puideron ter licenza oficial nin de pista nin de praia no último ano natural.

**3.5.-** Non será obrigatorio inscribir adestrador, pero si un delegado que será a persoa responsable do equipo.

**3.6.-** A tarifa de inscrición será de 60€ por equipo.

**3.7.-** Todos os xogadores inscritos deberán ter seguro deportivo en vigor, aqueles que non o teñan poderán tramitar un seguro de día por 4€.

#### **4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS**

**4.1.-** Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.

**4.2.-** Aplicaranse as mesmas normas que na Primeira División Sénior Galega, agás nos seguintes aspectos:

- Os encontros xogaranse ao mellor de 3 sets: dous de 25 puntos e un terceiro, se fixera falta, de 15 puntos.
- Haberá dous tempo mortos de 60 segundos por equipo e set.
- O número de cambios será ilimitado, tanto no número de cambios coma no de veces que se poderá facer e desfacer cada cambio.



# COPA ALEVÍN

## Normas específicas de Competición

### Temporada 2023-2024

#### 1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

As licenzas tramitaranse por cada club, sen límite de xogadores nun mesmo cuádruplo. Sendo preciso inscribir os equipos en cada unha das probas a celebrar.

As inscricións a cada unha das probas realizaranse antes das 15:00 horas do mércores anterior a cada unha destas, podendo escoller cada club, o número de equipos participantes e a composición dos mesmos en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de catro e un máximo de sete xogadores por equipo.

As inscricións para a segunda fase ou Fase Final, realizaranse antes das 15:00 horas do mércores anterior a celebración, presentando o G-2 podendo escoller cada club a composición do equipo en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de 4 e un máximo de 10 xogadores por equipo e dous adestradores. En cada partido só se poden aliñar un máximo de 8 xogadores (dos inscritos no G-2) que cumpran os requisitos regulamentarios para ser aliñados.

#### 2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Esta competición non terá límite de equipos e constará de dúas fases. A primeira fase estruturarase en probas abertas a calquera club galego. Farase un mínimo de catro probas en formato de concentración, o número mínimo de equipos necesario para levar a cabo unha proba será de 3.

O sistema de competición de cada proba dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros. Na segunda fase os oito mellores equipos de entre todos os grupos participaran en formato concentración no Campionato Galego da categoría.

#### 3.- CLASIFICACIÓN

A hora de establecer os equipos que se clasifican para xogar a fase final así como os emparellamentos entre eles establecerase unha clasificación xeral de todos os grupos atendendo aos seguintes criterios:

- En cada proba ou torneo establecerase unha clasificación e outorgaranse puntos en función desta para cada equipo. Os puntos outorgaranse ao club ao que pertenza o equipo. Estes puntos iranse sumando nunha lista ou ranking que definirá á conclusión de todas as probas, a clasificación definitiva nesta fase.
- Cada proba na primeira fase terá un valor igual a 10 (dez) puntos, multiplicados polo número total de equipos participantes nela. Este valor repartirase entre os dez primeiros equipos clasificados da seguinte forma:
  - o 1º equipo clasificado 100% do Valor da proba.
  - o 2º equipo clasificado 50% do valor da proba
  - o 3º equipo clasificado 25% do valor da proba
  - o 4º equipo clasificado 20% do valor da proba
  - o 5º equipo clasificado 15% do valor da proba



- 6º equipo clasificado 10% do valor da proba
  - 7º equipo clasificado 5% do valor da proba
  - 8º equipo clasificado 4% do valor da proba
  - 9º equipo clasificado 3% do valor da proba
  - 10º equipo clasificado 2% do valor da proba
- Os oito clubs con maior puntuación na clasificación final do ranking, serán os que obteñan unha praza para participar na segunda fase ou Fase Final do Campionato Galego Alevín.
  - A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na segunda fase. En caso de empate a puntos aplicaranse os baremos de partidos gañados, coeficiente de sets, coeficiente de puntos e resultados dos enfrontamentos directos entre os equipos empatados.

## 4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- 4.1.-** Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.
- 4.2.-** Admitirase, sen limitación de número, a aliñación de xogadores con licenza benxamín nun equipo alevín.
- 4.3.-** Admitirase, sen limitación de número, a aliñación de xogadores alevíns doutros equipos do mesmo club na fase final.
- 4.4.-** O balón oficial será o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1. Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso de similares características técnicas que ten que ser autorizado pola FGVb.
- 4.5.-** Os xogadores con autorización para participar nas Competicións de Primeira, Segunda e Terceira División Autónoma Alevín poderán participar con esa licenza nos encontros do seu Club na Copa Alevín.



## **COPA GALICIA**

### **Normas específicas de Competición**

### **Temporada 2023-2024**

#### **1.- PARTICIPANTES**

Poderán participar na competición os catro equipos masculinos e femininos mellor clasificados na temporada 2022-2023, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

#### **2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN**

Esta competición constará dunha única fase en formato semifinal e final a xogar a partido único no mesmo día nunha sede fixada pola FGVb, no Campionato Galego da categoría .

#### **3.- CLASIFICACIÓN**

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na fase única.

Emparellamentos:

Semifinal 1:

1º Clasificado - 4º Clasificado

Semifinal 2:

2º Clasificado - 3º Clasificado

Final:

Gañador Semifinal 1 - Gañador Semifinal 2

#### **4.- INSCRICIÓN E LICENCIAS**

**3.1.-** Para que un equipo poida ser inscrito o club ao que pertenza deberá estar afiliado á FGVb e presentar na FGVb o modelo NG1.

**3.2.-** Os equipos poderán inscribir un mínimo de 8 e un máximo de 14 xogadores por equipo.



## ANEXO I: DATAS DE CELEBRACIÓN

Datas	1ª e 2ª Divisións	3ª Divisións	Outras competicións e actividades
23-24/09/2023	Copa Galicia		
30/09-01/10/2023	1ª Fase Torneo Apertura	1ª Fase Copa Federación	Inicio Liga Iberdrola
07-08/10/2023	2ª Fase Torneo Apertura	1ª Fase Copa Federación	Inicio SM, SM 2, SF 2 e Primera
14-15/10/2022	3ª Fase Torneo Apertura	2ª Fase Copa Federación	
21-22/10/2023	<b>Xornada libre</b>		
28-29/10/2023	1ª	<b>Inicio da 1ª e 2ª Divisións</b>	
01/11/2023	1ª Xornada de Supervisión e control		
04-05/11/2023	2ª		
11-12/11/2023	3ª		
18-19/11/2023	4ª	1ª	<b>Inicio das 3ª Divisións</b>
25/11/2023	<b>Xornada libre</b>		
26/11/2023	2ª Xornada de Supervisión e control		1ª Xornada de Desenrolo e Formación
02-03/12/2023	5ª	2ª	
06/12/2023	3ª Xornada de Supervisión e control		2ª Xornada de Desenrolo e Formación
08/12/2023	3ª Xornada de Supervisión e control		2ª Xornada de Desenrolo e Formación
09-10/12/2023	6ª	3ª	
16-17/12/2023	7ª	4ª	
13-14/01/2024	8ª	5ª	
20-21/01/2024	9ª	6ª	
27-28/01/2024	10ª	7ª	Fase Zonal Prebenxamín, Benxamín e Copa Alevín
03-04/02/2024	11ª	8ª	
10/02/2024	<b>Xornada libre</b>		
11/02/2024	3ª Xornada de Desenrolo e Formación		
12-13/02/2024	1ª Concentración de tecnificación das Seleccións Galegas		
17-18/02/2024	12ª	9ª	
24-25/02/2024	13ª	10ª	Fase Zonal Prebenxamín, Benxamín e Copa Alevín
02-03/03/2024	14ª	11ª	
09-10/03/2024	15ª	12ª	
16-17/03/2024	16ª	13ª	
23-24/03/2024	17ª	14ª	Fase Zonal Prebenxamín, Benxamín e Copa Alevín
29-31/03/2024	2ª Concentración de tecnificación das Seleccións Galegas		
30/03/2024	<b>Xornada libre</b>		
31/03/2024	4ª Xornada de Supervisión e control		4ª Xornada de Desenrolo e Formación
06-07/04/2024	18ª		
13-14/04/2024	Fase Final Júnior		Fase Final Infantil
20-21/04/2024	Fase Final Xuvenil		Fase Final Cadete
27-28/04/2024	Fase Final Sénior	Fase Final Alevín	Fase Final Benxamín
01-05/05/2024	Campeonato de España Juvenil		
04-05/05/2024	Fase Zonal Prebenxamín, Benxamín e Copa Alevín		
08-12/05/2024	Campeonato de España Cadete		
15-19/05/2024	Campeonato de España Júnior		
23-26/05/2024	Fase Final Segunda División Nacional		
25-26/05/2024	3ª Concentración de tecnificación das Seleccións Galegas		
29/05-02/06/2024	Campeonato de España Infantil		
14-16/06/2024	Campeonato de España Alevín		
21-23/06/2024	Campeonato de España Benjamín		
22-23/06/2024	4ª Concentración de tecnificación das Seleccións Galegas		